PARTE V

# NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

# ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARTICIPATIVO LEADER DE GALICIA 2014-2020




ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE

GDR 16

**PARTE V**

## NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE

**INDICE**

**1. INTRODUCIÓN ..... 5**
**2. LIMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA ..... 6**
2.1. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS PRODUTIVOS. ..... 6
2.2. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS. ..... 7
*2.2.1 Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural* ..... 8
**3. DESCRICIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DOS PROXECTOS ..... 8**
3.1. PRIORIDADES DOS PROXECTOS PRODUTIVOS. ..... 8
3.2. PRIORIDADES DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS. ..... 9
*3.2.1. Proxectos non produtivos de prioridade alta.* ..... 9
*3.2.2. Proxectos non produtivos de prioridade media.* ..... 9
*3.2.3. Proxectos non produtivos de prioridade baixa.* ..... 10
3.3. DESCRICIÓN DO PROCEDEMENTO DE PRIORIZACIÓN ..... 10
**4. REQUISITOS DOS PROXECTOS CON CARÁCTER XERAL ..... 15**
**5. TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS ..... 15**
5.1. EN FUNCIÓN DA SÚA NATUREZA ..... 15
*5.1.1. Produtivos.* ..... 15
*5.1.2. Non produtivos* ..... 16
5.2. EN FUNCIÓN DO SEU BENEFICIARIO. ..... 16
*5.2.1. Promotores públicos.* ..... 16
*5.2.2. Promotores privados.* ..... 16
*5.2.3. Proxectos propios do GDR* ..... 17
5.2. EN FUNCIÓN DA INCLUSIÓN INICIAL NA ESTRATEXIA. ..... 17
*5.2.1. Programados* ..... 17
*5.2.2. Non programados* ..... 17
**6. PROXECTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL. ..... 17**
**7. PROXECTOS NON SUBVENCIONABLES COMO REGRA XERAL ..... 18**
**8. SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS ..... 20**
8.1. GASTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL. ..... 20
8.2. GASTOS NON SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL. ..... 21
**9. INVERSIÓNS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS ..... 22**
**10. INVERSIÓNS NO SECTOR COMERCIO POLO MIUDO ..... 25**
10.1. VENDA RELACIONADA CON PRODUTOS ALIMENTARIOS. ..... 25
*10.1.1. Definicións:* ..... 25
*10.1.2. Limitacións sectoriais.* ..... 26

**11. INVERSIÓNS EN ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO SECTOR SERVIZOS ..... 29**
**12. INVERSIÓNS EN EMPRESAS DE SERVIZOS FORESTAIS ..... 37**
**13. INVERSIÓNS EN CENTROS SOCIAIS ..... 37**
**14. IMPORTE DAS AXUDAS. ..... 40**
14.1. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS PRODUTIVOS ..... 40
14.2. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS ..... 40
**15. BAREMOS DOS PROXECTOS ..... 42**
15.1. OS PROXECTOS PRODUTIVOS ..... 42
*15.1.1. Baremo* ..... 42
15.1.2. Puntuación e porcentaxes de axuda. ..... *48*
15.2. BAREMO DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS ..... 49
*15.2.1. Baremo* ..... *49*
*15.2.2. Puntuación e porcentaxes de axuda* ..... *55*
*15.2.3.Empate no baremo* ..... *57*
**16. PLAN DE SEGUEMENTO E AVALIACIÓN. ..... 57**
**17. PLAN DE DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN ..... 60**

**PARTE V**

**NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE**

# 1. INTRODUCIÓN.

Dentro dos obxectivos do Feader para contribuír á estratexia Europa 2020, a metodoloxía Leader contribúe directamente a **«acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e conservación do emprego»**.

No marco do réxime de axudas, os proxectos e actuacións subvencionables deberán contribuír a acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:

a) Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural.
b) Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.
c) Favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos/as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.
d) Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural mediante un coidado e utilización adecuados dos recursos naturais.
e) Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.
f) Contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Ademais estes deberán cumprir as condicións de subvencionabilidade que se especifican nas seguintes submedidas:

- Promotores públicos e privados:

**19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo»**.

- A ADR Terras de Pontevedra Norte:

**19.1: «apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local»**

**19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo».**

Referido a proxectos de formación, referidos a proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa do seu territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea.

**19.4.A: « custos correntes da estratexia de desenvolvemento local».**

**19.4.B: « animación e promoción territorial».**

## 2. LIMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

**SUBMEDIDA 19.2:**

**«APOIO PARA A REALIZACIÓN DE OPERACIÓNS CONFORME A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO».**

### 2.1. Importe das axudas dos proxectos produtivos.

- O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a **200.000,00 €.**
- Aqueles proxectos produtivos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis*, limitaranse a un máximo de 200.000,00 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.
- A porcentaxe de axuda máxima ascenderá ao **50 %.**
- A porcentaxe mínima de axuda situarase, nun **20 %** para proxectos de natureza produtiva.
- Os proxectos do ámbito do sector da produción agraria primaria, que supoñan a realización dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar e que, en todo caso, consistan en pequenos investimentos (ata un máximo de 30.000,00 € de orzamento subvencionable).

| PROXECTOS DE NATUREZA PRODUTIVA | |
|---|---|
| IMPORTE MAXIMO DE AYUDA | 200.000,00 € |
| % AXUDA MÁXIMA | 50,00 % |
| % AXUDA MÍNIMA | 20,00 % |

## 2.2. Importe das axudas dos proxectos non produtivos.

- Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de **200.000,00 €** por proxecto.
- Aqueles proxectos que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis* poderán alcanzar os **250.000,00 €** no caso de que a Agader o autorice expresamente.

– A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos se establece en función das seguintes porcentaxes:

  - **Máximo de axuda de 90 %.**
  - **Mínimo de axuda de 40 %.**

| PROXECTOS | PRIORIDADE ALTA | PRIORIDADE MEDIA | PRIORIDADE BAIXA |
|---|---|---|---|
| MÁXIMA AXUDA | 90,00% | 70,00% | 50,00% |
| MÍNIMA AXUDA | 70,00% | 50,00% | 40,00% |

- A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos de formación promovidos directamente polo GDR, poderán alcanzar o **100,00 %** de axuda.

| PROXECTOS DE FORMACIÓN PROMOVIDO POLO GDR | |
|---|---|
| AXUDA | 100,00 % |

A axuda pública percibida polos GDR para estes proxectos de formación encadrados na submedida (19.2) estará amparada no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis.

### 2.2.1 Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural:

- Os proxectos de sinalización territorial.
- Os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

# 3. DESCRICIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DOS PROXECTOS.

## 3.1. Prioridades dos proxectos produtivos.

Tal e como se acordou cos actores locais durante o proceso participativo levado a cabo, se determinaron unha serie de tipoloxía de proxectos que se considera deben de ser prioritarios.

| ATENDENDO AO COLECTIVO |
|---|
| **Servizos dirixidos a os seguintes colectivos: maiores, persoas con diversidade funcional (certificado de discapacidade ≥ 33%), e nenos.** |
| **Empresas promovidas por promotores: mulleres, mozos (< 41 anos); persoas con diversidade funcional (certificado de minusvalía ≥ 33%); desempregados mais 1 ano, inmigrantes procedentes de fora de España, emigrantes retornados desde fora de Galicia.** |
| **Proxectos innovadores que teñan por finalidade a posta en valor de produtos agrarios*.**<br>**Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.**<br>***Entendendo como produtos agrarios os procedentes da agricultura, gandaría e forestal.** |
| **Proxectos turísticos vinculados ao territorio principalmente aqueles dirixidos á creación dun destino turístico sostible.**<br>**Relacionados co Camiño de Santiago a cultura castrexa, o románico, os espazos naturais protexidos e encoro de Portodemouros, (Rede Natura 2000 e Rede Galega de Espazos Protexidos); o turismo medioambiental e agroturismo e o turismo industrial e o turismo gastronómico.** |

E en base a estes criterios engadiuse no baremo, unha puntuación especial para esta tipoloxía de proxectos, o que fai que os impulse e por tanto adquiran maior valor adiantándose a outros de outras tipoloxías.

## 3.2. Prioridades dos proxectos non produtivos.

Con relación aos proxectos non produtivos, establecéronse tres tipos de prioridades e que son as seguintes:

- ✓ Proxectos de prioridade alta.
- ✓ Proxectos de prioridade media.
- ✓ Proxectos de prioridade baixa.

### 3.2.1. Proxectos non produtivos de prioridade alta.

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros para o coidado de persoas maiores (como pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día) e a promoción dun envellecemento activo e saudable.
- Servizos de transporte adaptado.
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Proxectos turísticos vinculados ao territorio principalmente aqueles dirixidos á **creación dun destino turístico sostible**:
  - Relacionados co Camiño de Santiago ou outros: Camiño dos Arrieiros, camiño Real.
  - Cultura castrexa, o románico.
  - Encoro de Portodemouros e o río Ulla.
  - Espazos naturais protexidos: (Rede Natura 2000 e Rede Galega de Espazos Protexidos).
  - Turismo medioambiental e agroturismo.
  - Turismo industrial.
  - Turismo gastronómico.
  - Turismo deportivo e as súas instalacións deportivas de carácter público.
  - Sinalización de recursos turísticos do territorio.
  - Adaptación de recursos para persoas con mobilidade reducida ou outro tido de diversidade funcional.

### 3.2.2. Proxectos non produtivos de prioridade media.

- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento.

(Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto).

- Recuperación e restauración de elementos patrimoniais.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais en espazos protexidos, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural;aulas de natureza, centros de interpretación.

### 3.2.3. Proxectos non produtivos de prioridade baixa.

- Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio Instalacións deportivas.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

## 3.3. Descrición do procedemento de priorización.

En base a estes criterios e co obxectivo de que a Xunta Directiva remita a AGADER a relación dos proxectos para os que se propón a concesión de axuda con cargo á anualidade, se deseñou o procedemento que a continuación se describe, o cal é non discriminatorio e transparente, de priorización dos proxectos que conten coa verificación favorable do ICE.

Hai que ter en conta que:

1º Só poderán financiarse proxectos ata o límite de crédito dispoñible no cadro financeiro en cada anualidade.

2º Hai que diferenciar entre:

**a) Proxectos Produtivos :**

Os cales, unha vez avaliados, establecerase unha relación ordenada de maior a menor en función da puntuación acadada no baremo.

Tamén terase en conta o seguinte:

- A distribución por anualidades.
- O prazo máximo de execución do proxecto.

**b) Proxectos non produtivos.**

En primeiro lugar hai que distinguir entre:

- Proxectos promovidos por entidades públicas.
- Proxectos promovidos por institucións de carácter privado.

Establecer relación ordenada de maior a menor en función da priorización dos proxectos do seguinte xeito:

1º Proxectos non produtivos de prioridade alta.
2º Proxectos non produtivos de prioridade media.
3º Proxectos non produtivos de prioridade baixa.

Tal e como ocorre nos proxectos produtivos, hai que ter en conta tamén:

- A puntuación acadada no baremo.
- A distribución por anualidades.
- O prazo máximo de execución do proxecto.


O procedemento de tramitación de expedientes das axudas LEADER de GALICIA 2014-2020 require o establecemento de uns procedementos a seguir na tramitación de solicitudes, cunha secuencia estandarizada de cada unha das fases da tramitación.


A continuación se inclúe un diagrama de fluxo cunha proposta do procedemento básico a seguir na tramitación dun expediente, así como dos actores que interveñen en cada un deles.

Este procedemento será perfeccionado unha vez se aprobe a estratexia con maior detalle, incorporando as indicacións de AGADER neste senso.

| RESPONSABLE | DIAGRAMA DE FLUXO |
|---|---|
| Administración GDR | Rexistro da solicitude de axuda |
| Xerencia GDR | Inspección "in situ"<br>Acta de non inicio<br>Inversión iniciada<br>SI → Proposta denegación<br>NON |
| Administración GDR | Análise da documentación presentada<br>Completa<br>NON → Solicitar documentación<br>SI |
| Xerencia GDR | Análisee baremación do proxecto<br>Informe de control de elixibilidade do proxecto<br>Desfavorabl → Informe Control Non elixible<br>SI<br>Informe Control Elixibilidade Favorable |
| Administración GDR | Traslado a AGADER<br>→ Non Verificación de ICE |
| AGADER | Verificación de ICE Favorable |
| Xunta Directiva<br>30 marzo | Priorización de proxectos<br>→ Anualización e prazo máximo de execución do proxecto |

## CONTINUACIÓN




CONTINUACION
AGADER
FOGGA
Resolución de pagamento
Notificación ao beneficiario
Orde de pagamento
¿Pago final?
NON
Continuar coa tramitación: certificacións
SI
Fin da tramitación

# 4. REQUISITOS DOS PROXECTOS CON CARÁCTER XERAL.

Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a. Estar localizado no ámbito territorial da ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE. Tendo en conta que se excluíron do territorio elixible as entidades singulares de poboación de Lalín e A Estrada, por superar ambas os 6.000 habitantes.
b. Viabilidade dos proxectos de natureza produtiva: Ser viables técnica, económica e financeiramente.
c. Viabilidade dos proxectos de natureza non produtivos: Ser viables técnica e financeiramente.
d. Adecuarse á estratexia de desenvolvemento local definida.
e. Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
f. Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non tratarse de fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
g. Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
h. Que o proxecto e/ou actividade para o cal se solicita a axuda non estea iniciado.

# 5. TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS.

## 5.1. En función da súa natureza.

### 5.1.1. Produtivos.

Proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego.

Os proxectos de natureza produtiva deberán acadar, cando menos, un 65 % dos fondos públicos totais asignados a cada GDR no ámbito desta submedida (19.2: apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo).

### 5.1.2. Non produtivos

Entre estes distinguirase entre os promovidos por entidades públicas locais e os promovidos por institucións de carácter privado.

a. **Entidades públicas locais.**
b. **Institucións de carácter privado.**
   - entidades sen ánimo de lucro.
   - comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades.

   Estes **non poden supoñer** o **inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.**

   - No suposto de que o proxecto constitúa unha actividade económica, os ingresos que se xeren procederán de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais.
   - No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

   En todo caso, esixirase que os proxectos non produtivos **teñan un interese público ou colectivo**, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito o conxunto da poboación en xeral.

## 5.2. En función do seu beneficiario.

Hai que distinguir entre:

### 5.2.1. Promotores públicos.

Proxectos promovidos polas entidades públicas de carácter local, tales como concellos, mancomunidades, consorcios e/ou entidades dependentes das anteriores.

### 5.2.2. Promotores privados.

Proxectos promovidos por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, incluíndo as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.
Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias dun proxecto de natureza produtiva, os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas, segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014

da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

#### 5.2.3. Proxectos propios do GDR.

Poderán ser beneficiarios de proxectos de formación dirixidos a fomentar a capacitación para o emprego da poboación activa do seu territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea.

### 5.2. En función da inclusión inicial na estratexia.

#### 5.2.1. Programados.

Aqueles proxectos definidos inicial e especificamente na propia estratexia do GDR.

#### 5.2.2. Non programados.

Proxectos non definidos inicialmente na estratexia do GDR pero coherentes cos obxectivos específicos que recolle nesta.
Proxectos que atendendo á súa singularidade e innovación, poden ser seleccionados, y cumpran coa normativa e cos criterios de coherencia con outras intervencións públicas que se aplican no territorio.

## 6. PROXECTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL.

Serán subvencionables como regra xeral:

a. **Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.**
   Considerando como tales os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca.
   Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85 % de materias primas utilizadas para a transformación estean incluídas no citado Anexo I do Tratado, de modo que, o resultado do proceso de produción poderá ser un produto non contido no dito anexo.
   Unicamente se apoiarán pequenos investimentos, tendentes á creación e/ou modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión, destinadas a mellorar a competitividade das pequenas agroindustrias do rural galego.
b. **Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais.**
   Considerando transformación e comercialización de produtos forestais as operacións anteriores á transformación industrial da madeira.

Para os proxectos encadrables neste punto, **unicamente** se apoiarán investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, referidos á produción a pequena escala de quebra de madeira e/ou de pellets.

Os proxectos promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas.

**c.** A **creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas** que desenvolvan actividades non agrarias.

**d.** A **creación, mellora ou ampliación de todo tipo de** servizos para a poboación rural, así como as **actividades recreativas e culturais, e as súas** correspondentes infraestruturas.

**e.** Os **investimentos para o uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala.**

**f.** **O mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural** das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas de alto valor natural, en particular as integrantes da **Rede Natura 2000 e** demais territorios integrados na **Rede de Espazos Protexidos de Galicia.**

**g.** **A formación,** promovida polos GDR e dirixida á poboación activa do territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade da poboación activa do territorio, tanto por conta propia como allea.

## 7. PROXECTOS NON SUBVENCIONABLES COMO REGRA XERAL.

Non serán subvencionables como regra xeral:

1. Os que **non estean localizados no ámbito territorial** da ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE.
2. Proxectos de natureza **produtiva** que **non sexan viables técnica, económica e financeiramente**.
3. Proxectos de natureza **non produtiva** que non **sexan viables técnica e financeiramente**.
4. Proxectos que **non se axusten á normativa sectorial** (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
5. Proxectos que **non sexan finalistas**, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non tratarse de fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

6. Proxectos que **non teñan carácter innovador**, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
7. Proxectos que estean iniciados antes da acta de non inicio do investimento.
8. Os proxectos encadrables no sector da **produción agraria primaria** (incluíndo na definición de sector da produción agraria primaria a produción agrícola, gandeira e forestal).
9. Os proxectos referidos á **xestión de residuos** procedentes da produción agrícola e gandeira tampouco serán elixibles.

**Excepción 1:**

- ✓ Poderán financiarse, **os investimentos en explotacións agrarias referidos á mellora da eficiencia enerxética das explotacións e ao emprego de fontes de enerxías renovables,** atendendo á prioridade horizontal en todas as políticas da Unión Europea de loita contra o cambio climático e de adaptación cara a unha economía que diminúa as emisións de carbono,

  En todo caso, deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por un técnico cualificado competente ou dunha auditoría enerxética.

  A redución dos custos derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación deberá **acadar un mínimo do 40 %,** e non será subvencionable a maquinaria automotriz.

**Excepción 2:**

- ✓ Outros proxectos do **ámbito do sector da produción agraria primaria que supoñan a realización dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal** complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar e que, en todo caso, **consistan en pequenos investimentos** (ata un máximo de 30.000,00 € de orzamento subvencionable).

  En todo caso, para este tipo de proxectos, o total da renda da unidade familiar, no momento da solicitude de axuda, non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional vixente. Por outra parte, o resultado final da previsión económica, xuntando a actividade principal non agraria e a renda agraria derivada do proxecto, non poderá superar o quíntuplo do valor do citado salario mínimo interprofesional.

  O promotor incluirá no plan de empresa que presentará, xunto coa solicitude de axuda, a previsión da rendibilidade da explotación agraria.

Competerá á Agader, con base nos módulos que teña fixados a Consellería do Medio Rural para os plans de mellora de explotación agrarias, comprobar que os rendementos previstos son os que se corresponden coas características do proxecto presentado.

# 8. SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS.

## 8.1. Gastos subvencionables con carácter xeral.

Poderán subvencionarse os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto. Con carácter xeral, terán a consideración de gastos subvencionables, coas condicións e requisitos que se establezan no réxime de axudas os seguintes:

a. A **construción e mellora** de bens inmobles.
b. A **adquisición de maquinaria** e **equipamento** novo.
c. A **adquisición de terreos** por un importe que non exceda o 10 % dos gastos subvencionables.
d. A **adquisición de inmobles** por un importe que non exceda o 50 % dos gastos subvencionables.
e. Os investimentos **intanxibles** como:
    a. A adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos.
    b. A creación de páxinas web, estudos e publicacións.
    c. A adquisición de maquinaria e equipamento novos mediante o arrendamento con opción de compra será subvencionable coas condicións e requisitos que se establezan no réxime de axudas.
f. Os **custos xerais** vinculados aos gastos de investimento, tales como:
    a. Honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores. Honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade.
    Non poderán superar o 12 % do custo subvencionable do investimento.
    b. Os gastos notariais e rexistrais derivados do inicio da actividade prevista no proxecto. A adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas.

O conxunto dos gastos sinalados neste mesmo parágrafo que, sumados aos gastos xerais definidos nos parágrafos anteriores deste punto, excedan o 20 % do investimento total aceptado nun proxecto non serán elixibles.

Con excepción dos custos xerais indicados neste punto, unicamente serán subvencionables os gastos efectuados despois de terse presentado a correspondente solicitude de axuda.

## 8.2. Gastos non subvencionables con carácter xeral.

Os seguintes gastos non serán subvencionables por norma xeral:

a. A mera **reposición ou substitución** de equipamento, así como as obras de mantemento das instalacións.
b. Os **investimentos que substitúan** outros que fosen financiados polo fondo Feader e non transcorresen, polo menos, 5 anos, contados desde a data da realización do investimento.
c. Os **investimentos de reforma ou rehabilitación** de inmobles cuxa construción ou adquisición sexa financiada polo fondo Feader e non transcorresen polo menos 5 anos contados desde a data da realización do investimento.
d. Os **gastos de funcionamento da actividade** subvencionada e do **material funxible** en xeral, coas excepcións que para os proxectos de formación se establezan.
e. O **IVE recuperable** polo promotor do proxecto, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.
**f.** No caso de investimentos agrícolas, non serán subvencionables **a compra de dereitos de produción, dereitos de axuda, animais, plantas anuais e a súa plantación.**
g. No ámbito da **formación**, unicamente serán subvencionables os proxectos promovidos polos GDR e que se dirixan, especificamente, á poboación activa do territorio, coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación.

No ámbito da formación dos proxectos promovidos polo GDR, serán gastos subvencionables os seguintes gastos:

- Material funxible necesario para a realización da actividade formativa.
- Gastos de desprazamento e axudas de custo do persoal docente, segundo as contías máximas que se establezan na normativa referida ás indemnizacións por razóns do servizo da Comunidade Autónoma de Galicia para o grupo 2º.
- Aluguer de instalacións e equipamentos.
- Gastos de contratación de persoal docente e expertos, tendo en conta que o persoal encargado de impartir a actividade formativa deberá ser tecnicamente apto e xustificadamente elixido para a actividade. Os gastos imputables á

estratexia Leader limitaranse ás tarifas vixentes para o persoal formador dos cursos oficiais organizados pola Consellería de Medio Rural, segundo se establece no réxime de axudas.

- Calquera outro gasto que se poida incluír no réxime de axudas.

## 9. INVERSIÓNS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

Con respecto ás inversións en establecementos turísticos e inversións en actividades económicas do sector no marco do sector da hostalería, rexerase polo convenio de colaboración asinado entre AGADER e a Axencia Galega de Turismo de Galicia para o Leader de Galicia 2014-2020.

**Axudas permitidas, con carácter xeral**

No marco do PDR de Galicia 2014-2020, o GDR poderá subvencionar as actuacións seguintes:

a) Investimentos que supoñan **melloras en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento** na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor.

   Terán a consideración de melloras os gastos que sexan necesarios para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento segundo a lexislación vixente en materia turística, así coma outras actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

b) Investimentos que supoñan **a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento e/ou de restauración** que estea en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor.

   Terán a consideración de servizos turísticos complementarios os seguintes: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.

c) Os investimentos que supoñan **a creación de novas prazas de aloxamento** serán admisibles no caso de que se cumpran os requisitos seguintes:

   a. Os establecementos obxecto de creación de novas prazas estarán clasificados segundo a lexislación en materia turística como hotel, pensión, casa de turismo rural ou campamento de turismo.

b. A proposta deberá levar aparellada unha valorización do patrimonio cultural ou medioambiental ou a oferta de algún ou algúns dos seguintes servizos turísticos complementarios: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
c. A localización dos investimentos que supoñan creación de novas prazas deberá situarse nuns concellos concretos sinalados pola Axencia Galega de Turismo de Galicia, e que son os seguintes:

   - ✓ Concellos polos que descorren as diferentes rutas do Camiño de Santiago, agás o Francés, nos que exista déficit de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
   - ✓ Aqueles concellos que dispoñan de recursos mineiro-medicinais e carezan de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
   - ✓ Excepcionalmente, calquera outro Concello no que se constate una carencia de prazas de aloxamento en determinadas categorías, acreditado por informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.

d) Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc.…) e que se comprometan a ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional, ou que propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.
e) Rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.
f) Construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos.
g) No ámbito da submedida 19.2 de Leader (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), os GDR poderán promover formación tendente á profesionalización do persoal en servizos turísticos, mediante actividades formativas nas seguintes materias:
   i. Atención ao cliente en hostalería.

ii. Hixiene e seguridade alimentaria en pequenos establecementos de restauración.
iii. Atención específica ao cliente con discapacidade.
iv. Redes sociais e *marketing on-line* aplicado a establecementos de restauración.
v. Ferramentas de xestión de alimentos e bebidas.
vi. Xestión de recursos humanos en pequenos establecementos de restauración.Enténdese por pequenos establecementos de restauración os que sexan de titularidade de empresas ou autónomos que teñan a consideración de microempresas (segundo a definición que resulta do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño).

h) Os investimentos **tendentes á creación e/ou mellora de empresas de servizos turísticos complementarios**.

Terán a consideración de empresas de servizos turísticos complementarios as reguladas no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia. Para a subvencionalidade dos investimentos aos que se refire este punto será necesaria a correspondente inscrición no rexistro público oficial habilitado a tal efecto.

**Limitacións**

A Axencia Turismo de Galicia resérvase a execución, das seguintes tipoloxías de actuacións:

a) En xeral, a creación de novos establecementos de aloxamento e de restauración, agás os proxectos que excepcionalmente poderán ser subvencionados con cargo ás liñas xestionadas por Agader, segundo o disposto na cláusula cuarta deste convenio.
b) Concesión ou renovación de distintivos de calidade, especialmente a Q de calidade turística segundo normas do Instituto para la Calidade Turística Española (ICTE).
c) Axudas destinadas á paquetización e comercialización da oferta turística de Galicia.
d) Actuacións encamiñadas á creación de denominacións de xeodestinos, difusión e promoción destes.
e) Accións de promoción internacional : fam-trips, press-trips, etc.
f) Innovación, renovación e implantación da xestión de calidade medioambiental dos campamentos de turismo.
g) En xeral, todas aquelas que poidan obter axudas da Axencia Turismo de Galicia a través das ordes correspondentes a cada anualidade.

h) Actuacións de sinalización e accesibilidade aos recursos turísticos no medio rural, con excepción dos proxectos promovidos polos GDR no ámbito da submedida 19.4.B de Leader (animación) os cales deberán respectar as condicións de elixibilidade que se establezan nas convocatorias, así como o disposto no Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia e se aproba o Manual de Sinalización Turística de Galicia.

i) Construción e/ou mellora de aparcamentos co fin de facilitar o acceso ordenado a recursos turísticos.

j) Construción de pasarelas, ramplas e eliminación de barreiras arquitectónicas que melloren o acceso aos recursos turísticos.

k) Construción ou adecuación de aseos adaptados para persoas con diversidade funcional.

l) Mellora de redes informáticas, seguridade, acondicionamento de salas e o seu mobiliario.

# 10. INVERSIÓNS NO SECTOR COMERCIO POLO MIUDO.

Para desenvolver este punto, en primeiro lugar vanse a sinalar unha serie de definicións que axudarán a comprender os criterios seleccionados.

## 10.1. Venda relacionada con produtos alimentarios.

### 10.1.1. Definicións:

a) **Produto primario:** produto procedente da produción primaria da terra e da gandaría, excluída a caza, con destino á alimentación humana, e incluídos os cogomelos silvestres.

b) **Venda directa:** a venda realizada directamente polo/a produtor/a á persoa consumidora final ou a un establecemento de venda polo miúdo para o abastecemento ao/á consumidor/a final. A venda directa á persoa consumidora final poderá efectuarse *in situ*, ou en mercados.

c) **Venda *in situ*:** venda directa que se produce na propia explotación agropecuaria.

d) **Venda en mercado:** venda directa que se realiza nun lugar público destinado permanentemente ou en días sinalados para vender, comprar ou permutar bens ou servizos

e) **Establecemento de venda polo miúdo**: establecemento comercial rexistrado que vende alimentos ou produtos alimentarios ao/á consumidor/a final. Inclúense nesta definición as actividades de restauración colectiva, os comedores de empresa, os servizos de restauración de institucións, os restaurantes e outros servizos alimentarios similares.

**A venda ao consumidor final poderá realizarse**

- *In situ* na explotación produtora.
- En mercados, directamente polas persoas titulares da explotación, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación.
- En establecementos de venda polo miúdo á persoa consumidora final, sempre que a transacción entre o/a produtor/a e o establecemento de venda se realice directamente, sen intermediarios

No caso da venda directa. Debe dispoñer dentro do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) dunha inscrición das explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI). (DECRETO 125/2014, del 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final).

### 10.1.2. Limitacións sectoriais.

- **Con respecto aos establecementos de venda polo miúdo de produtos agroalimentarios, se establecen as seguintes limitacións:**
    a. Será subvencionable a creación e ampliación o modernización de establecementos de comercio polo miúdo *In situ* na propia explotación agraria produtora, é dicir, cando o punto de venda estea instalado na propia explotación.
    b. Tamén será subvencionable a creación e ampliación ou modernización de aqueles establecementos de venda directa ao consumidor final que se produzan en mercados locais, sempre e cando a venda se produza directamente polas persoas titulares da explotación agraria, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación. En estes casos, só será subvencionable aquela parte do local que se dedique á venda dos seus produtos.
    c. Será igualmente subvencionable a creación e ampliación ou modernización de aqueles establecementos de venda polo miúdo na propia industria

transformadora, é dicir, cando o punto de venda estea situado nas mesmas instalacións da industria agroalimentaria.

d. Investimentos dirixidos ao comercio polo miúdo en destino de produtos agroalimentarios, sempre que a comercialización a realicen as organizacións de produtores ou as súas entidades vinculadas, dos produtos dos seus propios asociados ou doutros produtores non asociados.

En tódolos casos e, seo espazo o permite, deberán dispoñer dunha zona específica para a promoción e/ou degustación do produto ou produtos que estean á venda.

a. Tamén será subvencionable a creación e ampliación o modernización de aqueles establecementos de venda polo miúdo que, no estean situados na la propia industria transformadora, pero que vendan e promocionen os produtos producidos en el territorio de Terras de Pontevedra Norte.

